

DOMINGO 1 DO ADVENTO Ciclo A

PRIMEIRA Is 2, 1-5:

O Señor congrega a todas as nacións na paz eterna do seu Reino

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Palabras que en visión profética recibiu Isaías, fillo de Amós, acerca de Xudá e Xerusalén:

Vede: á fin dos días será creado o monte da Casa do Señor.

Vede: será levantado por enriba dos montes e máis que os petoutos, axuntaranse nel todas as xentes.

Irán a el pobos numerosos que dirán:

"Vinde, subamos ao monte do Señor, á casa do Deus de Xacob, para que nos mostre os seus camiños, e camiñemos polos seus vieiros.

Vede: de Sión sairá a Lei, a Palabra do Señor sairá de Xerusalén".

Xulgará os preitos entre as xentes, decidirá o que é xusto entre os pobos.

Non levantará un pobo contra outro a espada, nin aprenderán de novo a facer a guerra.

¡Casa de Xacob, ven; vaíamos e camiñemos á luz do Señor!

SAL. RESP. Sal 121, 1-2. 4-5. 6-7. 8-9

R/ (cf. 1): *Imos alegres para a casa do Señor*

Alegreime, cando me dixeron:

imos para a casa do Señor.

Xa están os nosos pés

ás túas portas, Xerusalén,

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,

conforme o costume de Israel,

para festexar o nome do Señor.

Alí están os tribunais da xustiza,

a sede da casa de David.

Saudade así a Xerusalén:

"Teñan prosperidade os que te queren,

que haxa paz nos teus muros

e contento nos teus pazos".

Por mor de meus irmáns e compañeiros

direi eu: "A paz contigo".

Por mor da casa do Señor, o noso Deus,

deséxoche todo ben.

SEGUNDA Rom 13, 11-14a:
A nosa salvación está xa máis cerca

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Sabendo o intre no que vivimos, xa é hora de que espertedes do sono, pois agora a salvación xa está mais cerca de nós que cando empezamos a crer. A noite vai andada, e o día está a chegar: rexeitemos as obras das tebras e vistamos as armas da luz. Como en pleno día camiñemos decentemente, nada de lupanadas nin borracheiras, nada de obscenidades nin libertinaxe, nada de liortas nin envexas. En lugar diso vestídevos do Señor Xesús Cristo.

ALELUIA Sal 84, 8:
Móstranos, Señor, a túa misericordia, e dános a túa salvación

DOMINGO 1 DO ADVENTO Ciclo A

EVANXEO Mt 24, 37-44:
Vixiade para estardes preparados

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Coma nos tempos de Noé, así pasará cando veña o Fillo do Home. Antes do diluvio comían, bebían e casaban ata o día que Noé entrou na arca; e de nada se decataron ata que veu o diluvio, e os enguliu a todos. O mesmo pasará cando veña o Fillo do Home. Entón estarán dous homes no agro; levarán a un e deixarán ao outro. Estarán dúas mulleres moendo no muíño, levarán unha e deixarán a outra.

Vixiade, porque non sabedes nada do día no que virá o voso Señor. Entendédeo ben: se soubese o dono da casa a que hora vai chegar o ladrón, estaría á espreita e non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque na hora menos pensada preséntase o Fillo do Home.